

Área: Cte. Arbitral**Circular nº 04 - Temp. 20/21**

OBRIGAS DURANTE ENCONTROS

Todos os membros do Comité de Árbitros da Federación Galega de Balonmán teñen a obriga de facer cumprir as seguintes novidades da tempada 20/21:

- **FUNCIÓNS DELEGADOS DE EQUIPO:** Terán a responsabilidade de anotar os goles de cada xogador/a do seu equipo coa finalidade de contrastar e colaborar cos colexiados/as ao finalizar o encontro, prevalecendo sempre a decisión arbitral.

DEBER COLECTIVO ARBITRAL: Os colexiados/anotadores/cronometradores deben dirixirse aos delegados/as antes de comezar o encontro e recordar esta labor; ao finalizar o mesmo deberán cotexar os goles con eles, prevalecendo sempre a decisión arbitral en caso de non haber acordo cos goles de cada xogador/as.

É inadmisíble que os goles dos xogadores/as non estén correctos na acta.

- **BALÓN OFICIAL:** Os balóns oficiais e obrigatórios en todos os encontros de todas as categorías na FGBM son Hummel.

DEBER COLECTIVO ARBITRAL: De non presentar o balón oficial por parte do equipo locatario debe reflexarse na acta, xa que será sancionado por parte do Comité de Competición.

- **Nº XOGADORAS EN ACTA:** O número mínimo de xogadoras (tan só categorías femininas) en acta será de 10 nas xuvenís e cadetes e de 8 en categoría infantil; nas categorías inferiores o número mínimo será de 7 nas competicións de balonmán 7 e de 5 nas competicións de minibalonmán.

DEBER COLECTIVO ARBITRAL: Terán que reflexar no acta sempre o número exacto de xogadores/as que están no encontro, nunca poñer mais xogadores/as dos/as que realmente están napista.

Cada día as retransmisións chegan a todas as categorías, polo tanto pódese comprobar a veracidade dos datos reflexados nas actas, por este motivo insistimos en que se cumpra co balón oficial.

- **SUBIR ACTA DIXITAL:** Todos os encontros oficiais da FGBM terán o acta subido de xeito dixital.

DEBER COLECTIVO ARBITRAL: Subir o acta dixital dos encontros antes das 00:00 horas no día de celebración dos mesmos.

O incumplimento de calquera destas obrigas será transmitido ao Comité de Competición para que actúe com respecto ao disposto no R.R.D.g.



En Vigo a 1 de outubro de 2020.